

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2020, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes bases:

BASES DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA APOIAR O DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2020

A Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo xenérico de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, co fin de impulsar os sectores das artes escénicas e das artes musicais na provincia de Pontevedra, establece as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas destinadas a promover, fomentar e difundir as actividades teatrais e musicais que se levan a cabo no seu ámbito territorial, por considerar que se trata de elementos claves da creatividade artística e da dinamización cultural da nosa provincia, co fin de contribuír á promoción, protección e difusión do patrimonio cultural do teatro e a música.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aproba a convocatoria de concesión de axudas para apoiar o desenvolvemento e a organización de festivais e certames de artes escénicas e de música na provincia de Pontevedra durante o ano 2020, que se levan a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto, procedemento de concesión e normativa aplicable

1. Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que dediquen unha especial atención á programación e a difusión da música e do teatro galego, ademais doutras variantes artísticas, e que se levasen a cabo como mínimo en dúas edicións consecutivas nos tres últimos anos.

Deste xeito establécense dúas modalidades de actuación dentro desta convocatoria:

- 1.1. Modalidade de festivais de música
- 1.2. Modalidade de festivais de artes escénicas
2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:
 - 2.1. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia e igualdade
 - 2.2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados por esta Administración
 - 2.3. Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos



3. A concesión das axudas de acordo co establecido no punto anterior efectuarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na Ordenanza xeral de subvencións (OXS) publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 249, do 30 de decembro de 2016.
4. Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades ou gastos:
 - Actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación, como festivais e certames organizados por bandas de música, asociacións e grupos folclóricos, rondallas, agrupacións e masas corais
 - Gastos de funcionamento das entidades, gastos correntes, gastos de persoal da propia entidade e actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano
 - Gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020. Convócanse con cargo á aplicación 20/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2020 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro (acreditarse cunha declaración responsable da persoa representante)
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda estatal, coa autonómica e coa Deputación de Pontevedra



Cuarta. Requisitos

- A. Para a modalidade de festivais de música é necesario cumprir os seguintes requisitos:
- a) Levarse a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020
 - b) Ter unha duración mínima de dúas xornadas e contar cun mínimo de oito grupos
 - c) Contar coa participación dun mínimo de catro grupos galegos ou que teñan máis de quince compoñentes galegos e que interpreten obras de autoría galega
 - d) Levar un mínimo de dúas edicións consecutivas antes da convocatoria destas bases
 - e) Incluír na programación actividades paralelas de posta en valor do sector musical galego ou de formación musical
 - f) Empregar a lingua galega na comunicación nos diferentes soportes e no desenvolvemento das actividades paralelas, sen prexuízo do uso doutras linguas oficiais
- B. Para a modalidade de festivais de artes escénicas é necesario cumprir cos seguintes requisitos:
- a) Levarse a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2020
 - b) Ter unha duración mínima de dúas xornadas e contar cun mínimo de oito compañías
 - c) Contar coa participación dun mínimo de catro compañías galegas ou que poñan en escena obras de autoría galega e que empreguen a lingua galega nas súas representacións
 - d) Levar un mínimo de dúas edicións consecutivas antes da convocatoria destas bases
 - e) Incluír na programación actividades paralelas de posta en valor do sector teatral galego ou de formación
 - f) Empregar a lingua galega na comunicación nos diferentes soportes, sen prexuízo do uso doutras linguas oficiais

Quinta. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.



Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no BOPPO e rematará o 25 de marzo de 2020.

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade titular do centro
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade
- c. Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención asinada pola persoa representante e que achegue os datos solicitados para este, que se axustarán aos criterios de valoración especificados na letra b) da base décima.
No caso de acreditar a presenza de máis de 15 compoñentes galegos, fotocopias cotexadas dos seus DNI ou certificados de empadramento
- b) Orzamento detallado e totalizado da actividade obxecto da subvención (que inclúa as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) asinado pola persoa representante no cal figuren todos os gastos subvencionables sinalados na base décimo cuarta, xunto coa previsión de ingresos
- c) Memoria da última edición do festival asinada pola persoa representante na que se detallan a súa antigüidade e as especificacións axustadas aos criterios de valoración que aparecen na letra a) da base décima. Con esta memoria achegarase unha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento.



d) *Dossier* de prensa da última edición do festival.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentaron anteriormente nesta Deputación. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva tendo en conta para a adxudicación destas os seguintes criterios:

a. Criterios de valoración con respecto aos datos da edición de 2019

1. Número de grupos, compañías ou integrantes (contabilizar só un apartado):
 - 1.1. Grupos ou compañías galegas ou con integrantes galegos: 1 punto por grupo/compañía ou 0,5 puntos por integrante (máximo 6 puntos)
 - 1.2. Grupos ou compañías con integrantes do resto do Estado: 1 punto por grupo ou 0,5 puntos por integrante (máximo 4 puntos)
 - 1.3. Grupos ou compañías con integrantes internacionais: 2,5 puntos por grupo ou 0,5 puntos por integrante (máximo 10 puntos)
2. Asistencia ao festival (achegarse documentación que a acredite), máximo 5 puntos:
 - 2.1. Entre 500 e 1.000 asistentes: 1,5 puntos
 - 2.2. Entre 1.001 e 5.000 asistentes: 2,5 puntos
 - 2.3. Máis de 5.000 asistentes: 5 puntos
3. Actividades e accións paralelas desenvoltas (cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se insira), máximo 20 puntos:
 - 3.1. Destinadas ao sector musical ou escénico como charlas, publicacións, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (máximo de 5 puntos)
 - 3.2. Destinadas ao alumnado en formación musical ou escénica: 1 punto por actividade ou acción (máximo 5 puntos)



- 3.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (máximo 5 puntos)
 - 3.4. Destinadas a proxectar o festival, agás os días en que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (máximo 5 puntos)
 - 3.5. Destinadas ao fomento da lingua galega: 1 punto por grupo que teña no seu repertorio polo menos cinco temas en galego ou composicións de artistas galegos. No caso das compañías teatrais computaranse as que se desenvolvan en galego (máximo 5 puntos)
4. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos):
- Terase en conta a solidez financeira do festival, para o que se valorarán as achegas de fondos propios da entidade organizadora e os patrocinios de entidades privadas con respecto ao seu orzamento total (co IVE, salvo no caso de ser deducible).
- Non se admitirán como fondos propios as achegas de financiamento doutras administracións públicas das que se obtivese algún tipo de axuda:
- 4.1. Entre o 15 % e o 25 % do orzamento: 5 puntos
 - 4.2. Entre o 25,01 % e o 50 % do orzamento: 10 puntos
 - 4.3. Entre o 50,01 % e o 75 % do orzamento: 15 puntos
 - 4.4. Máis do 75 % do orzamento: 20 puntos
- b. Criterios de valoración da proposta para o ano 2020
1. Antigüidade do festival (máximo 20 puntos):
 - 1.1. De 3 a 5 edicións: 5 puntos
 - 1.2. De 6 a 7 edicións: 10 puntos
 - 1.3. De 8 a 10 edicións: 15 puntos
 - 1.4. Máis de 10 edicións: 20 puntos
 2. Actividades paralelas previstas que se vaian levar a cabo (máximo 25 puntos):
 - 2.1. Destinadas ao sector musical ou teatral profesional como charlas, publicacións, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (máximo 5 puntos)
 - 2.2. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (máximo 5 puntos)
 - 2.3. Destinadas a proxectar o festival, excepto os días en que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (máximo 5 puntos)



- 2.4. Actividades en favor da accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual coma o subtitulado, o bucle magnético, a linguaxe de signos ou a audiodescripción : 1 punto por acción (máximo 5 puntos)
- 2.5. Destinadas ao fomento da lingua galega: 1 punto por grupo que teña no seu repertorio polo menos cinco temas en galego ou composicións de artistas galegos. No caso das compañías teatrais computaranse as estreas que se fagan en galego (máximo 5 puntos)
3. Viabilidade do proxecto. Valorarase a porcentaxe da subvención solicitada con respecto ao orzamento global do proxecto (co IVE, salvo no caso de ser deducible):
 - 3.1. O 75 % do orzamento: 5 puntos
 - 3.2. Entre o 50 % e o 74,99 % do orzamento: 10 puntos
 - 3.3. Entre o 25 % e o 49,99 % do orzamento: 15 puntos
 - 3.4. Menos do 25 % do orzamento: 20 puntos
4. Custo total do proxecto subvencionable (co IVE, salvo no caso de ser deducible): máximo 30 puntos
 - 4.1. Ata 10.000,00 €: 4 puntos
 - 4.2. De 10.000,01 € a 15.000,00 €: 6 puntos
 - 4.3. De 15.000,01 € a 20.000,00 €: 8 puntos
 - 4.4. De 20.000,01 € a 30.000,00 €: 12 puntos
 - 4.5. De 30.000,01 € a 50.000,00 €: 15 puntos
 - 4.6. De 50.000,01 € a 90.000,00 €: 20 puntos
 - 4.7. Máis de 90.000,00 €: 30 puntos

As solicitudes que na súa valoración non acaden un total de 50 puntos serán rexeitadas. Para o resto dos festivais a repartición proporcional dos importes efectuarase a partir dese valor mínimo establecido.

Décimo primeira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décima, explicando o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este



informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitirase a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Cultura
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un membro do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe a respecto das solicitudes de subvención

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo segunda. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión despois da solicitude razoada a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución presidencial, logo da proposta previa da comisión de valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado



- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe previo do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos
- A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitarlle a esta institución provincial a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan terse en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo organismo provincial. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación
- Non se aceptarán modificacións que lles afecten aos requisitos esixidos para poder optar ás subvencións na base cuarta desta convocatoria, nin as que modifiquen a puntuación acadada na valoración realizada no réxime de concorrencia competitiva.

Décimo terceira. Xustificación

As persoas beneficiarias da subvención, logo de concedida, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade as entidades beneficiarias terán de prazo ata o 28 de febreiro de 2021 para xustificala presentando a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa, debidamente asinada, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente, incluíndo toda a programación paralela para os efectos de comprobar que cumpriron as condicións establecidas na solicitude de subvención.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade.
- c) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo na que se poña de relevo que os gastos que figuran nesa conta se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.



- d) Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, e establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).
- e) Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes da presentación da xustificación da subvención pero, en todo caso, deben aboarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f) As persoas beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifique a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.
- g) Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, incluíndo o logo Deputación de Pontevedra.
- h) Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, en caso contrario, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo total da finalidade subvencionada.
- i) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán, no momento do pagamento, estar ao corrente coas súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución.

Décimo cuarta. Gastos subvencionables

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- a. Gastos de difusión e publicidade en calquera soporte, no cal se fará constar o logotipo da Deputación de Pontevedra seguindo as súas normas de identidade corporativa
- b. Aluguer de espazos e equipamentos técnicos



- c. Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais
- d. Xestión de películas (dereitos de exhibición e transporte de copias)
- e. Premios consistentes en diñeiro ou galardóns oficiais, en cuxa convocatoria e publicidade constará a colaboración desta institución provincial (fabricación de estatuíñas, galardóns ou similares que se entreguen como premios do festival)
- f. Gastos de viaxes, aloxamento e manutención das persoas participantes nas actividades propostas

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

En ningún caso serán subvencionables:

- Gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade
- Gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos do promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora do festival
- Investimento ou adquisición de material ou equipamentos que supoñan un incremento do patrimonio de quen o solicitase
- Gastos protocolarios
- Degustacións gastronómicas e actividades complementarias que non teñan carácter cultural
- Gastos excluídos no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

A realización dos festivais será de exclusiva responsabilidade das entidades, así como as obrigas fiscais e de seguridade social que delas deriven. As beneficiarias da subvención teñen que cumprir as seguintes obrigas:

- a) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se fixese antes da solicitude da subvención



- b) Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado
- c) Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente
- d) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa
- e) Facer constar os logos da Deputación de Pontevedra segundo a súa normativa básica de identidade corporativa en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada
- f) Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra
- g) Outras obrigas previstas na normativa de subvencións

Décimo sexta. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

En casos especiais debidamente xustificadas, establécese a posibilidade do pagamento anticipado de ata un máximo do 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Incumprimento

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo primeira sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa o Servizo de Cultura requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince días.

De non presentar a documentación neste prazo perderase a subvención, coas demais responsabilidades previstas na LXS.



Décimo oitava. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, previa tramitación do expediente de reintegro, nos seguintes casos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Incumprir as persoas beneficiarias as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Décimo novena. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2020 e cumprindo co establecido no artigo 18 da LXS o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Vixésimo segunda. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen resposta. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

Vixésimo terceira. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas bases de execución do Orzamento xeral da Deputación do exercicio 2020, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

Con carácter supletorio rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

